



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito: Introducción ao dereito civil e dereito da persoa

Materia	Dereito: Introdución ao dereito civil e dereito da persoa			
Código	V03G720V01212			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Estévez Abeleira, Teresa Dolores			
Profesorado	Estévez Abeleira, Teresa Dolores			
Correo-e	estevez.abeleira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia impartida no segundo cuadrimestre do 1º curso do Grao de Dereito na Facultade CCXX e do Traballo. Trátase dunha materia de formación básica que achega ao alumno ao concepto de Dereito civil, a persoa física e a persoa xurídica, as cousas e o patrimonio así como aos dereitos subxectivos. Permite coñecer institucións xurídicas esenciais no Dereito civil.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Trátase dunha materia de formación básica que achega ao concepto de Dereito civil, a persoa física e a persoa xurídica, as cousas e o patrimonio así como dos dereitos subxectivos. Permite coñecer institucións xurídicas esenciais no Dereito civil.	A2 A3 A4

Contidos

Tema	
Tema I: O Dereito civil.	O Dereito e as súas clasificacións. Concepto de Dereito civil. O Código civil: sistemática, estrutura e contido. O Título Preliminar do Código civil: especial consideración da interpretación das normas. A lexislación civil especial. Formación histórica do Dereito civil.
Tema II: A codificación e os Dereitos civís territoriais	A codificación e a progresiva descodificación. Os Dereitos civís territoriais e o Código civil. O Dereito civil de Galicia. Lexislación civil especial de Galicia.
Tema III: A persoa, en xeral.	Dereito civil e Dereito da persoa. Concepto e clases de persoa. Capacidade xurídica e capacidade de obrar. Os Dereitos da personalidade: consideracións xerais. En particular: O Dereito á vida e á integridade física. O Dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe.

Tema IV: A persoa física.	Comezo da personalidade: o nacemento. A protección xurídica do nasciturus. Fin da personalidade: a morte. A maioría de idade. A menor idade: capacidade de obrar e responsabilidade. A emancipación.
Tema V: A incapacitación.	Significado da incapacitación. Concepto e caracteres. Causas de incapacitación. Requisitos e procedemento de incapacitación. A incapacitación de menores. Efectos da declaración xudicial de incapacidade. Internamento do presunto incapaz. A prodigalidade: procedemento e efectos.
Tema VI: A nacionalidade e a veciñanza civil.	A nacionalidade: concepto. Adquisición da nacionalidade española: adquisición orixinaria (atribución e dereito de opción) e non orixinaria (dereito de opción, carta de natureza, residencia). A consolidación da nacionalidade española. Perda da nacionalidade española. Recuperación da nacionalidade española. Dobre nacionalidade. Proba da nacionalidade española. A veciñanza civil: concepto e réxime xurídico (adquisición, perda e proba).
Tema VII: O domicilio.	Concepto e significado. Clases de domicilio. Pluralidade de domicilios e falta de domicilio. A ausencia: concepto e relevancia xurídica. A defensa do desaparecido. A ausencia non declarada no Dereito civil galego. A ausencia legal: requisitos, efectos e terminación. A declaración de falecemento: requisitos, efectos e cesación.
Tema VIII: O Rexistro Civil.	O Rexistro civil: concepto, significado e lexislación. Características xerais. Feitos inscribibles. Principios do Rexistro civil. Estrutura do Rexistro civil. Títulos que acceden ao Rexistro civil, control de legalidade. Asentos do Rexistro civil. Publicidade do Rexistro civil.
Tema IX: A persoa xurídica.	Concepto, función e significado. Abuso da persoa xurídica e levantamento do veo. Clases de persoas xurídicas. Constitución, adquisición e extinción da personalidade. Capacidade da persoa xurídica. Representación, domicilio e nacionalidade. Extinción da persoa xurídica. A asociación: concepto e regulación. Órganos. A fundación: concepto e regulación. Constitución da fundación. Órganos. Extinción e liquidación.
Tema X: As cousas.	Concepto e requisitos. Clasificación. Bens de dominio público e de propiedade privada. O patrimonio.
Tema XI: O dereito subxectivo.	Dereito subxectivo e relación xurídica: concepto. O Dereito subxectivo: clasificación. Exercicio dos dereitos subxectivos. Límites dos dereitos subxectivos: clasificación. A boa fe. O abuso do dereito. A doutrina dos propios actos. Límitacións temporais: a prescrición e a caducidade.
Tema XII: Feitos, actos e negocios xurídicos. A representación.	O feito xurídico e o acto xurídico. O negocio xurídico: concepto e clases. Elementos esenciais do negocio xurídico: obxecto, causa, forma e declaración de vontade. Elementos accidentais do negocio: condición, termo e modo. Os vicios da vontade. Ineficacia do negocio xurídico. A representación: concepto e clases. Apoderamiento e ratificación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	36	36	72
Seminario	13	15	28
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	31	33
Estudo de casos	1	9	10
Autoavaliación	1	6	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que deberá desenvolver o estudante.
Seminario	Se valora a capacidade dos alumnos para o análise dos casos propostos na aula así como para a elaboración e exposición de traballos de temática xurídica, valorando fluidez e dominio da materia, así como a súa capacidade de integrarse no grupo, asumindo as correspondentes responsabilidades que redundarán en beneficio do grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Lección maxistral Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba para a avaliación das competencias que inclúen preguntas abertas sobre os temas do programa da asignatura. Os/as alumnos/as deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia en respostas extensas ás preguntas formuladas.	70	A2 A3
Estudo de casos	Esta proba inclúe a realización de casos prácticos (15%) e dun traballo (10%). Casos prácticos: Evaluación dos casos prácticos planteados na aula, que se realizarán de forma individual ou en grupo, segundo a proposta do/a profesor/a: 15%. Traballo: Elaboración en grupo e exposición individual dun traballo sobre contidos da asignatura propostos polo/a profesor/a: 10%. Nesta proba se valorará, na súa elaboración, ademais do contido, o cumprimento de certas formalidades (extensión, tipo de letra, interlineado, índice que incluya unha introdución e bibliografía, e notas a pé de páxina) e, na súa exposición, a fluidez, o emprego de terminoloxía xurídica, que sexa exposto de memoria e a capacidade de resolver dúbidas formuladas polos/as compañeiros/as e o/a profesor/a.	25	A2
Autoavaliación	Os/as alumnos/as se evalúan a través de preguntas que se formulan entre eles en base a un traballo previo que habrá de facer individualmente cada alumno/a, no que plantexarán e resolverán vinte preguntas relativas aos temas expostos na aula hasta a data. O 100% da calificación será a suma da nota dada polo/a compañeiro/a (50%) e do/a profesor/a (50%).	5	A2

Outros comentarios sobre a Avaliación

Enténdese, como regra xeral, que os/as alumnos/as optan polo sistema de avaliación continua. O/A alumno/a deberá obter na proba de contidos, como mínimo, un 3 sobre 10 en cada pregunta formulada -nunha delas será posible elixir entre dous opcións- e, para poder compensar a parte teórica con a parte práctica, deberá alcanzar, como mínimo, un 3 sobre dez na proba práctica da asignatura -integrada polos casos prácticos, traballo/s e/ou exposicións e unha proba de autoevaluación- e un 4 sobre dez na proba de contidos. A proba de contidos ten un valor do 70% da calificación; o estudo dos casos prácticos un 15%; as exposicións individuais de traballos realizados en grupo teñen un valor do 10%; e a proba de autoevaluación ten un valor do 5% da calificación da asignatura. O/A alumno/a que non se acolla ao sistema de avaliación continua por deixala ou por no poder asistir deberá facer unha proba final na que se lle formularán, en relación cos contidos da materia, iguais preguntas de resposta longa que aos/ás alumnos/as que siguen o sistema de avaliación continua incrementadas en unha, con un valor do 70% da calificación e, ademais, un/uns caso/s prácticos cun valor do 30% da calificación. O/A alumno/a deberá obter, como mínimo, un 3 sobre dez en cada pregunta da proba de contidos e, para poder compensar a parte teórica e práctica, un 3 sobre dez nel/os caso/s e un 4 sobre dez na proba de contidos. No mesmo curso gardaranse as notas da avaliación continua do segundo período para xuño/xullo. Convocatoria Fin de carreira: Os/As alumnos/as deberán facer unha proba final na que se lle formularán, en relación cos contidos da materia, iguais preguntas de resposta longa incrementadas en unha respecto de aqueles que opten pola avaliación continua cun valor do 70% da calificación e, ademais, un/s caso/s prácticos cun valor do 30% da calificación. Deberá obter, como mínimo un 3 sobre dez en cada pregunta da proba de contidos e, para poder compensar a parte teórica e práctica, un 3 sobre dez nel/es caso/s e un 4 sobre dez na proba de contidos. Alumnos/as con necesidades especiais: Se realizará a adaptación curricular dacordo con o suxerido polo coordinador de discapacidade segundo os protocolos da Universidade. As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2017/2018. A reseña bibliográfica que se inclúe nesta guía docente ten por obxecto facilitar aos/ás alumnos/as unha lista aberta de posibles manuais sobre os contidos da materia, cun carácter meramente informativo, aos que poidan acudir para completar as explicacións que proporcione o/a profesor/a na aula.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

LASARTE, C., **Principios de Derecho civil, Tomo I**, última edición,
O`CALLAGHAN, X., **Compendio de Derecho Civil, tomo I**, última edición,

DÍEZ-PICAZO, L./GULLÓN, A., **Sistema de Derecho civil, volumen I**, última edición,

ALBALADEJO, M., **Derecho civil, tomo I**, última edición,

Código civil, última edición,

Ley de Derecho civil de Galicia 2/2006,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito civil I. Obrigas e contratos/V08G081V01301

Dereito civil II. Dereitos reais/V08G081V01404

Dereito civil III. Familia e sucesións/V08G081V01501

Outros comentarios

Esta materia será impartida no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grao en Dereito no 1º cuadrimestre do 2º curso pola profesora Teresa Estévez Abeleira.
